



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

REUNIÓN MESA XERAL DA AEAT

Onte reuniuse a Mesa Xeral da AEAT. Como era previsto, a orde do día viña con temas pechados e xa sabemos que todo o que saía do guión preestablecido queda no limbo das preguntas sen resposta, así que só se trataron os seguintes asuntos:

- En primeiro lugar, a reunión serviu para "presentar en sociedade" ao novo Subdirector de Relacións Laborais, que procede do INEM (e que aínda non debe saber onde se meteu...) e para que a Directora de RRHH fixera una grandísima exposición das excelencias do anterior Subdirector, do que destacou sobremaneira o seu "gran esforzo e capacidade negociadora" ¿¿??
- Por outro lado, na orde do día estaba tamén tratar o tema da Gripe A. Desde a parte social fixémoslle saber que a Mesa Xeral non era o foro adecuado para tratar este tema, xa que iso debe tratarse de inmediato na Mesa da Comisión Permanente de Saúde Laboral, pois aí é onde os especialistas en saúde laboral deben informar das medidas a adoptar e dar a coñecer os protocolos correspondentes. Con todo, faisenos entrega de diversa documentación sobre a Gripe A pero sen dar información concreta sobre os que poderían ser considerados colectivos e grupos de risco da AEAT: Vixilancia Aduaneira, mulleres embarazadas, persoal de atención o público....,etc.Despois das protestas das organizacións sindicais, parece ser que a de Saúde Laboral será o día 1 de outubro, onde esperamos que se trate en profundidade todo este asunto.
- En terceiro e último lugar, fíxosenos entrega do calendario de reunións das Mesas de Negociación. Pensabamos que este punto era a "pedra de toque" da reunión, pero resultou que os responsables da AEAT non deben pensar igual e non traen nada preparado: ten que ser a parte Social, como non por enésima vez, quen teña que dar as propostas cos temas máis urxentes para que sexan tratados no último cuatrimestre do ano; aínda que nas datas que estamos, e vendo como é o mes de decembro, non chega nin a trimestre. Así pois, están previstas reunións mensuais da Mesa de Carreira Administrativa (onde esperamos se trate coa maior urxencia o tema da mobilidade xeográfica), así como de Saúde Laboral e CPVIE. Ata 5 centrais sindicais, sobre 7, e a instancias da CIG, pedimos que se convocase tamén unha mesa de Vixilancia Aduaneira, pero coma sempre, parece que ese colectivo é de segunda división para os responsables da AEAT e o caso é que no que queda de ano non toca. E van non sei cantos anos....Por outro lado, a mesa de produtividade quedou tamén esquecida pola AEAT para non sabemos cando.Será que non lles interesa tratar ese tema....

SEGUIREMOS INFORMANDO

24/09/09

CIG AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.

Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44

Fax:981 12 72 22

cigaeat@gmail.com